

COMUNICADO DA SECCIÓN SINDICAL DE CC OO DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE A SENTENZA DA RPT DO PAS FUNCIONARIO

O xulgado do contencioso administrativo nº 1 de Vigo ven de dictar [senteza](#) na que **DECLARA CONTRARIA A DEREITO E ANULA a RPT do PAS funcionario** aprobada no Consello de Goberno de dezaseis de marzo de dous mil seis.

A xuíza, estima parcialmente o recurso presentado por tres funcionarios que se sentiron prexudicados polas decisións implícitas no citado documento e no seus fundamentos de dereito obriga á Universidade de Vigo, literalmente, a: “... **retrotraer el procedimiento** iniciado con motivo de la aprobación de la RPT y antes de su aprobación a **elaborar un informe concienzudo y pormenorizado de las razones que justifican los cambios y novedades que se incluyen en la misma, preferentemente confeccionando las memorias** [a xustificativa dos cambios propostos e a memoria económica] **y el manual** [de funciones] arriba referidos, y a recabar del Consello Social **informe favorable previo a la Relación de Puestos de Trabajo...**”

Tamén nos fundamentos de dereito a maxistrada , con respecto ao preceptivo informe do Consello de Goberno, di: “*Por más que la falta de ese informe pudiera considerarse como defecto subsanable, es evidente que tal subsanación [a xuíza detecta evidente incorrección do procedemento ao intentar a Universidade colar extemporáneamente o informe do Consello Social] en modo alguno podía realizarse como hizo la Administración demandada, es decir, después de la aprobación de la RPT, sino en su caso, retrotrayendo el procedimiento al momento anterior para recabar dicho informe. Por otra parte, el informe emitido es cuando menos escueto, y en modo alguno cubre las exigencias de la ley 1/2003.*”

Con respecto a desviación de poder, a xuíza non a nega, senón que considera que os demandantes non aportaron suficientes indicios para declara probada. Por último, a sentenza dictamina que á Universidade ten un prazo máximo de tres meses, contados a partir da firmeza da resolución, para cumprir o fallo, concedendo, asemade, a posibilidade de recurso de apelación nun prazo máximo de 15 días.

No Consello de Goberno celebrado o 16 de marzo de 2006, tal e como se pode comprobar no [texto lido](#) ante o reitor e demais membros do Consello de Goberno, a Sección Sindical de CC OO denunciou, un por un, os graves defectos de tramitación da RPT que agora a sentenza considera esenciais para anulala e declarala contraria a Dereito. O tempo nos da a razón e xustifica, a posteriori, a proposta de adiar a RPT que fixemos ese mesmo día, pois, como era sabido, a súa execución estaba prevista para o mes de outubro, tendo polo tanto, tempo por diante para subsanar os defectos e carencias que presentaba o referido documento.

Hoxe, un ano despois, á vista dos feitos volvemos a solicitar, en coherencia co manifestado no seu día , que se acate a sentenza e se leve a relación de postos de traballo, primeiro ao Consello Social e logo de novo ao Consello de Goberno, dando así cumprimento aos requisitos que establece a normativa e dictamina a resolución xudicial.

O reitor Alberto Gago, o máximo representante da Universidade, é quen ten neste asunto a última palabra. Desta vez non ten escusa para non ser partícipe na solución deste importante problema cuxas consecuencias, segundo o manifestado por el mesmo en distintas sesións de Consello de Goberno e Claustro Universitario, están a danar gravemente a institución. A outra opción, recorrer a sentenza, só serviría para adiar o problema, para burlar de novo a normativa e estragar o crédito e prestixio da institución.

Vigo, 29 de marzo de 2007

Sección Sindical de CC OO da Universidade de Vigo